

RICARDO CARVALHO CALERO. LETRAS GALEGAS 2020

TEMA 1

INFANCIA E ADOLESCENCIA: OS ANOS FERROLÁNS (1910-1926)

UN NENO DO FERROL VELLO

Ricardo Leopoldo Ángel José Gerardo Carballo Calero naceu o 30 de outubro de 1910 ás 4.45 horas na rúa de San Francisco do barrio do Ferrol Vello, onde pasaría os seus primeiros anos de vida. Foi o primoxénito dos seis fillos que tiveron Gabriel Ricardo Carballo Naya e Dolores Calero Beltrán.

O pai de Ricardo era empregado dunha empresa naval, pero pouco despois de nacer o seu primeiro fillo puxo en marcha a súa propia compañía consignataria de buques. Por este motivo, conforme o neno vai indo a grande a situación económica da familia mellora e mesmo poden permitirse ter persoal de servizo na casa e veranear en diferentes lugares da contorna ferrolá: primeiro en Serantes e logo en Cabana.

O pequeno Ricardo medra rodeado do fervedoiro que era o Ferrol Vello naqueles primeiros anos do século XX, cando a cidade departamental aínda conservaba o ambiente puxante e cosmopolita que lle viña dado por ser unha das principais sedes da Mariña española. Pero o Ferrol Vello era tamén un barrio de pescadores e pequenos comerciantes que mantiñan a esencia das pequenas vilas mariñeiras, case como unha cidade á parte dentro da urbe ferrolá.

A primeira escola á que asiste estaba situada na rúa da Magdalena, onde impartía aulas unha mestra chamada Marina, da que gardaría sempre un grato recordo. Cando Ricardo comeza os seus estudos xa sabía ler e un pouco escribir tamén: aprendera na casa coa súa nai, sobre todo lendo as noticias de *El Correo Gallego*, o xornal da cidade.

Logo dun tempo acudindo ás clases na rúa da Magdalena, cambia para un colexio privado, o Sagrado Corazón de Jesús, dirixido por Manuel Comellas Coimbra, poeta e autor teatral, e durante uns anos director de *El Correo Gallego*. É moi probable que o maxisterio de Comellas, por quen tiña fonda admiración, tivese influencia na súa posterior carreira literaria, ao espertar no rapaz o interese polo mundo das letras.

Cando chegou o tempo de iniciar a etapa de secundaria, non había aínda en Ferrol un instituto de bacharelato, de modo que Ricardo tivo que estudar por libre todos os cursos previos ao seu acceso á universidade. Por esta razón, cada certo tempo tiña que trasladarse á Coruña

para examinarse das diferentes materias no instituto Eusebio da Guarda da cidade herculina. Nalgunha ocasión tamén se presentou ás probas en Lugo, e mesmo doutra volta viaxou a Ciudad Real polo mesmo motivo.

Durante un tempo, antes de rematar os estudos de secundaria, na casa de Ricardo barallaron a posibilidade de que o rapaz se preparase para incorporarse á Mariña, unha profesión de gran tradición en Ferrol. Chegaron a matricularlo na academia San José da cidade, coa idea de completar a formación para se trasladar logo á Escola Naval Militar de San Fernando, en Cádiz. Pero o goberno da ditadura de Primo de Rivera (1923-1930) publicou unha norma que obrigaba a ter o bacharelato para ingresar na Mariña, de modo que Ricardo continuou cos seus estudos de secundaria.

En 1926 obtén o título de bacharel pero a idea de volver á academia non calla. Algunha vez o propio Calero confesou que a súa aversión polas matemáticas, moi presentes na formación como futuro mariño, pesara para desbotar esta profesión que por outro lado lle gorentaba e o atraía. E Ricardo, que aínda non fixera os dezaseis anos, trasládase a Santiago para iniciar os estudos universitarios.

PRIMEIROS TRABALLOS LITERARIOS

En 1919, cando Ricardo aínda non fixera os nove anos, a súa nai falece de maneira inesperada debido a un dos andazos de gripe habituais na época. A familia queda rota e para todos será un duro golpe do que apenas se darán recuperado. Nos seus últimos anos, Carvalho Calero afirmaba que fora un neno tristeiro, serio de máis e moi maduro para a súa idade (mesmo máis que logo de maior, cando desenvolveu un particular sentido do humor, entre o desencanto e a ironía); e nesa personalidade tan impropia da infancia de seguro que tivo influencia o prematuro falecemento da nai.

Ao pouco deste tráxico suceso, o pai casa coa irmá da súa muller acabada de falecer, madriña de Ricardo. E o infortunio quixo que esta «segunda nai» do rapaz tamén morrese nova. O pai queda abatido e sómese nunha depresión que o leva a desatender os seus negocios vinculados ao mundo do mar, de modo que a economía familiar se resente e acaban os tempos boiantes e de folganza.

Nos anos seguintes, o carácter reservado do pequeno Ricardo lévao a buscar refuxio na lectura, o teatro e mais o cine. O rapaz asistía con asiduidade ás representacións teatrais e ás proxeccións cinematográficas do teatro Jofre, e comeza a mostrar os primeiros exemplos da paixón literaria que o acompañará toda a vida. Trátase de obras teatrais escritas a imaxe e

semellanza daquelas ás que asistía como público, que nunca foron publicadas e que se perderon nalgunha das mudanzas do seu autor.

Do que si se publicou, o máis antigo que se conserva son algúns poemas aparecidos na revista *Maruxa* de Ferrol, dirixida por un familiar da súa nai. Algúns deles estaban xa en galego e foron escritos cando tiña trece ou catorce anos, o que dá idea da súa precocidade creativa e do seu temperán compromiso cunha lingua que por herdanza familiar lle era allea.

Nesta altura aparecen tamén composicións súas en publicacións da emigración galega en Cuba, na revista *Vida Gallega* e en *El Correo Gallego*. Un dos principais valedores do xove Calero no ámbito cultural foi o médico e político Xaime Quintanilla, que sería alcalde de Ferrol durante os anos da república e que foi fusilado ao pouco de comezar a guerra civil. Foi Quintanilla quen lle deu os contactos e as referencias para que algunhas das súas primeiras publicacións visen a luz.

Estas primeiras creacións literarias están asinadas cun pseudónimo (*Ilex*, nome científico dunha das variedades do *carballo* do seu apelido), nunha constante que se iría repetindo ao longo da súa vida, ás veces por simple xogo literario e outras veces por necesidade xa que, sobre todo durante os anos posteriores á guerra civil, non se podía saber que era el quen estaba detrás dos textos publicados.

Así, outros pseudónimos empregados por Calero foron *Fernando Cadaval*, *C. Martínez Areal*, *Eduardo Colmeiro*, *Martiño Dumbría*... (este último, personaxe da novela *Devalar* de Otero Pedrayo, por quen Calero sentía fonda admiración e a quen sempre considerou un dos seus mestres e referentes intelectuais). Tamén empregou como sinatura literaria *Leopoldo Calero*, neste caso a partir dun dos seus múltiples nomes mais o apelido materno.